RELACION DO VIAXE A INGLATERRA QUE FIXO PELUDEZ COS AMIGOS DOS CASTILLOS DE LUGO DENDES DO 11 DE ABRIL HASTRA O DIA 18,na SEMANA SANTA.

=====

Meu querido lambón:

Prometinche contarche o viaxe a Ingalaterra,e contareicho,pero dalgunhas cousas garda sacreto,pois xa s[e] sei o lareto que eres,e indo con mulleres,muito máis. Direciche pra empezar que vin molido comó sal de andar e nin atado volvería.

Salín de A Bacolla nun aviolo e despertei ó parar o aviolo.O sitio chamábse GATO VI,e muitos gatos debía haber porque sober cada porta un rétalo decía:GATE,e vin más de 38.

Sacudime Cruz que berraba:-Alleven el pasaporte en la mau.I entón soupen porqué á libretiña lle chaman así,porque con ela hai que pasar muitas portas,e non é doado,pois unha xa dí COSTOUME,i é verdá que me custou caro dar con ela.

Nun telderete había unha rapaciña xeitosa,pero algo esfamiada,que me colleu o pasaporte,mirou pró meu ritrato,despois miroume a min mui fixa,e non séi qué me dixo.E eu,por siascaso,díxenlle:-¡Non,agora non,miña rula,que veñen muitas de Lugo e despois contanllo á Filomena.Debeu sentarlle mal o que lle dixen,pois con cara de enfadada pegoulle un golpe con un sello ó pasaporte que a pouco mo escarallla.Decateime que así quería decirme que me fose á...tomar vento.

Pasadas outras portas tivemos que agardar xuntos e todos con cara de sono.Nesto un siñor roxo de pelo deume no codo cun maletín,e perguntoume:¿-ESCUSE MI?.Foi o primeiro ingrés que adeprendín,pós entendínlle ben que me perguntaba polo escusado.Díxenlle:-Ego ando buscando eu.El foise farfullando,porque se vé que o conto lle apertaba.Eu,gracias ó siñor Villamor,puiden ir cara unha portiñña en que estaban pintadas unha muller e un home (que non sei como se poden xuntar naque[l] sitio),pero pra ir alí tiven que pasar tres portas e baixar medio cento de escaleiras.¡Gracias a que eu non iba con présas,que se chego a ir...déixolles o record[e] no medio dunha das escaleiras!. ¡Centella cos ingreses que hastra neso son apertados!

Veu despois unha rapaza rebajuela,roxa de pelo,que

AMPL REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO